



PLAN DIXITAL

CEIP MESÓN DO VENTO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

ÍNDICE

1. <u>Introdución</u>	3
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro	4
1.3. Breve xustificación do mesmo	6
1.4. Proceso de elaboración	8
2. <u>Situación de partida</u>	9
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	9
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	12
2.3. Análise DAFO	13
3. <u>Plan de Acción</u>	16
3.1. Obxectivos, Indicadores e accións	16
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	21
4. <u>Avaliación do Plan Dixital</u>	22
4.1. Seguimento do Plan de Acción	22
4.2. Propostas de mellora (revisión)	24
5. <u>Difusión do Plan Dixital</u>	24

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

LOCALIZACIÓN

O Colexio de Educación Infantil e Primaria de Mesón do Vento está situado na parroquia de Ardemil, ao Norte do Concello de Ordes.

DATOS LEGAIS

Concello: Ordes
 Localidade: Mesón do Vento
 Zona educativa: Ordes-Mesón do Vento
 Código da zona: 150990
 Código do Centro: 15011105
 C.I.F. : Q 6555024 F
 Teléfono: 881880894
 Fax: 881880895
 Código Postal: 15689
 e-mail: ceip.meson.vento@edu.xunta.es
 Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento/>

PROFESORADO

UNIDADES			
EI	EP	Mixtas	TOTAL
2	6	0	8

POSTOS DE TRABALLO									
EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	OC	TOTAL
2	5	1	1	1	1	1	0	1	13

Este curso en Infantil temos 3 aulas e 4 profesoras.
 Contamos tamén cunha profesora de relixión e AL compartidas.

ALUMNADO

ALUMNADO POR AULA									
4ºEI	5ºEI	6ºEI	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP	TOT.
23	18	17	11	12	7	13	15	14	130

PERSONAL NON DOCENTE

CONSERXE
 PERSONAL DE COCIÑA: un cociñeiro e unha axudante
 PERSONAL DE LIMPEZA
 COIDADOR

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio atende, a nivel educativo, unha ampla zona de Ordes e Mesía, que abarca as seguintes parroquias: **Ardemil, Vilamaior, Buscás, Leira, Mercurín e Hospital de Bruma**, distribuídas en dous concellos: **Ordes e Mesía**. Todas estas parroquias están afastadas dos núcleos que constitúen a capitalidade dos seus concellos, núcleos onde se concentran as escasas dotacións culturais coas que se contan no ámbito rural. O alumnado desprázase ao centro, na súa case totalidade en autobuses de transporte escolar.

b) **Lingüisticamente** trátase dunha **zona galego falante**. Esta afirmación vén corroborada polos datos da enquisa que no seu momento se realizou nos distintos sectores da comunidade educativa.

c) Con respecto á actividade económica, as familias traballan maioritariamente no sector servizos (SOGAMA, empresas de Ordes...) e unha minoría dedícase á agricultura e gandería.

d) A emigración volveuse minoritaria e escasa. É de salientar a mellora nas comunicacións terrestres.

O actual Plan Dixital vén a plasmar nun documento todo o que se fixo no centro, o que se está a facer, así como os plans de futuro vinculados coa área dixital. É e será unha ferramenta moi útil, xa que organiza e coordina todas os labores vinculados ao eido dixital, e serve para o control e mellora da posta en práctica da Competencia Dixital no noso centro. Unha Competencia Dixital cada vez máis demandada na sociedade actual.

Permitirá tamén darlle unha maior difusión á participación nos proxectos vinculados á biblioteca, ás actividades ERASMUS e eTwinning, ... nos que estamos inmersos. Contribuirá a unha maior participación por parte do profesorado neses proxectos e dará unhas pautas concretas na súa organización e posta en marcha.

O Plan Dixital, como non pode ser doutra forma, está e estará vencellado ao noso Proxecto Educativo. Con el conseguiremos contribuír a fomentar a creatividade, a metodoloxía activa, a formación integral do alumnado ... (todos eles fins do noso Proxecto Educativo). Da mesma forma axudaranos a alcanzar os obxectivos vinculados a eses fins do Proxecto Educativo, particularmente cos obxectivos:

OBXECTIVOS 1. c.-

- Programar nas Concrecións Curriculares, PXA,... visitas fóra do contorno inmediato: medios de comunicación, Casa das Ciencias, exposicións, museos, concertos, ...
- Conmemoracións, a nivel de centro, de actividades complementarias: día da Paz, día da Árbore e día do Medio Ambiente,...
- Programar charlas, coloquios, traballos de investigación, debates,... relacionados con temas de actualidade social e interculturais: racismo educación sexual, drogas, coeducación, consumo, medio ambiente, saúde.

OBXECTIVOS 3.-

- Fomentar a tolerancia.
- Fomentar o traballo coeducativo.

OBXECTIVOS 4.-

- Fomentar o traballo cooperativo entre o profesorado: equipos de nivel, de ciclo....
- Facilitar a cooperación/colaboración das familias no proceso educativo dos rapaces/zas.
- Buscar canles de cooperación/colaboración con estamentos oficiais: Concello, Consellería de Educación, SEPE, ... que teñan relación co proceso educativo.
- Fomentar actitudes cooperativas entre o alumnado, tanto dentro como fóra da aula.

OBXECTIVOS 5.-

- Valorar todo tipo de traballos creados polos propios nenos e polas propias nenas
- Valorar toda iniciativa que parta de cada neno/a.
- Aproveitar os acontecementos actuais para desenvolver o pensamento crítico.
- Fomentar o pensamento crítico respecto aos programas televisivos e aos contidos dos outros medios de comunicación.
- Propoñer diferentes alternativas cara á solución dun mesmo problema.
- Fomentar o pensamento crítico-reflexivo á hora de consumir: consumo de marcas, publicidade, ...

En canto á Programación Xeral Anual podemos dicir que de agora en diante terá que ter moi en conta o disposto no Plan Dixital do centro. Este debe enriquecer a PXA, dando unhas pautas de como incorporar o eido dixital ao maior número de propostas establecidas nela.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este plan foi elaborado seguindo a [Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional](#), pola que se ditan **instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.**

Nesta resolución faise mención a todas as leis que establecen a creación deste plan. Así podemos destacar :

A [Lei Orgánica 2/2006](#), do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no [artigo 121](#) establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a

estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O [artigo 132](#) da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A [disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021](#), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na [disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021](#), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que **os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.**

En liña coas orientacións establecidas [no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital \(2021-2027\)](#), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se **deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.**

O [Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021](#) establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e

territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na [Estratexia Galicia Dixital 2030](#) e na [Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia](#), cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

1.4. Proceso de elaboración

Na nosa organización tivéronse en conta en todo momento as directrices da asesora do CAFI, así como do mentor do Plan Dixital.

Ao comezo do curso, e tras recibir as primeiras instrucións, comezamos coas reunións do Equipo de coordinación do Plan Dixital para determinar cales ían ser os nosos primeiros pasos. Decidiuse levar a cabo un curso de PFPP vinculado a este proxecto para poder dispor de maior información.

Nese novo grupo de traballo (14 persoas) decidimos comezar facendo un calendario de reunións, así como un curso dentro da aula virtual para transmitir a información entre os membros do grupo.

O primeiro paso foi levar a cabo o SELFIE. Unha vez escollidas as preguntas do mesmo, distribuíronse os enlaces para realizalas e procurouse facilitar a súa realización por todos os membros aos que estaba dirixido. Finalmente acadou un 100% de participación.

Rematado o SELFIE comezouse o estudo dos seus resultados. Durante este proceso tivemos que levar a cabo o Test de competencia dixital docente (Levado a cabo polo 72% do profesorado).

Cos resultados do Test de CDD e cos do SELFIE comezamos a elaborar o DAFO do noso centro seguindo as indicacións do noso mentor.

Finalmente, e tras recibir as últimas indicacións do noso mentor, iniciamos o desenvolvemento do plan de acción para acadar os obxectivos marcados a partir do DAFO. Completáronse as táboas do plan de acción e elaboramos os distintos apartados propostos no Plan Dixital.

Desta forma, e tras un traballo en grupo, chegamos a uns acordos e fomos capaces de plasmalos neste documento. Foi un traballo intenso e non con moi poucos atrancos, pero que finalmente demos levado a bo porto.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura

O centro dispón dunha conexión a internet establecida pola xunta coa que dá servizo a todos os dispositivos informáticos do centro.

A maioría dos dispositivos dixitais están conectados á rede cunha conexión cableada, aínda que un bo número de portátiles do centro utilizan unha conexión sen fíos a través da cal poden conectarse a internet.

Para a comunicación co exterior utilízase unha rede de telefonía 881880894 e de fax 881880895.

Equipamento

O centro dispón dunha aula de informática para poder atender as demandas de formación do alumnado no eido dixital.

Todas as aulas teñen ordenador, pizarra dixital e canón de proxección para poder incorporar as novas tecnoloxías no día a día do seu funcionamento (agás a aula de relixión, tecnoloxía e plástica que carecen de pizarra dixital).

Tamén temos proxector na biblioteca e no comedor.

Contamos tamén con 9 tabletas (unha para PT, unha para AL, 3 para a biblioteca e 4 de Tics). Con todas elas dáselle unha mellor resposta ás necesidades do noso alumnado.

Por outro lado debemos mencionar unha serie de dispositivos electrónicos e robots, vinculados a proxectos realizados no centro en anos anteriores, cos que poder iniciar ao alumnado na programación e na robótica. Entre eles podemos destacar:

1 eiruga, 2 bluebot, 4 lego wedoo, 6 Mbot, 1 matatalab, 2 makey makey, 1 Robot, mouse, 2 Ozobot, 1 ciber talk Robot e 1 Botley.

Na aula de música dispoñemos dunha cadea musical.

Na área administrativa podemos destacar a presenza de 2 ordenadores de mesa (dirección e secretaría) e un portátil para o uso da xefatura de estudos.

Para a impresión e dixitalización de documentos o centro conta:

- 1 máquina fotocopiadora a color no despacho de dirección.
- 2 máquinas de dixitalización e impresión en branco e negro na zona de fotocopiadoras.
- 1 máquina de impresión a color na biblioteca do centro.
- 1 máquina de impresión a color na aula de orientación.
- 1 máquina de dixitalización e impresión a color na aula de informática.
- 1 máquina de dixitalización e impresión a color na aula de relixión.

Servizos dixitais educativos

O centro utiliza a súa páxina web para a comunicación coa comunidade educativa.

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento/>)

Tamén conta co servizo [espazoAbalar](#) co que mandar mensaxes (informativas, resultados da avaliación...) ás familias.

O centro conta ademais cunha aula virtual coa que cada mestre pode traballar os contidos das distintas áreas. Trátase dunha metodoloxía máis atractiva para o alumnado e dunha forma de traballar integramente a Competencia Dixital. Non só aprenden a utilizar as novas tecnoloxías (ordenadores, canóns, pizarras

dixitais,...), senón que se consegue a aprendizaxe de novos coñecementos a través de actividades vinculadas co eixo dixital. Apréndese a utilizar ferramentas de busca (páxinas de consulta, dicionarios dixitais, ...), a comprender as súas vantaxes e tamén os seus perigos. Trátase dunha aprendizaxe global que contribúe a súa formación integral. Todo pensado para prepararlos para poder acceder a un mundo e a unha realidade cada vez máis dixital.

A xestión do equipamento dixital recae sobre o equipo directivo do centro (principalmente na secretaría, responsable do inventariado; e na persoa a cargo da dirección, encargada da compra e renovación dos equipos danados e obsoletos). O equipo Tics colabora no inventariado do equipamento dixital do centro e leva tamén a cabo o seu mantemento, xunto cunha empresa externa ao mesmo.

No actual Plan de Continxencia téñense en conta as características da actual pandemia COVID 19 e fóronse modificando as súas directrices, adaptándoas aos sucesivos protocolos enviados pola administración. Neste caso tanto no uso dos dispositivos dixitais como para o normal funcionamento da aula de informática.

Tamén se puxeron en marcha, desde o comezo da mesma, todos aqueles mecanismos (aula virtual, webex, abalar móbil,...) para a continuidade da educación do alumnado tanto durante o confinamento global como nos confinamentos individuais que se foron producindo ao longo destes últimos meses.

O centro tamén recibiu 5 ordenadores portátiles con conexión a internet a finais do curso (2020-21). As tarxetas de internet podíanse activar a partir de setembro deste curso escolar (2021-22), xa que os portátiles estaban destinados ao alumnado que non dispoñía de medios dixitais en caso de quedar confinados. Ao final do curso ningún destes ordenadores se puxo en funcionamento, polo que quedamos á espera das indicacións da administración para poder utilizalos noutras actividades do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

No seguinte cadro podemos ver un resumo das areas do noso SELFIE.

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS
		Primaria
A-Liderado	Equipo Directivo	2.8
	Profesorado	3.1
	Alumnado	
B-Colaboración e redes	Equipo Directivo	3.1
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.6
C-Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3.6
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4.1
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4.4
	Profesorado	3.4
	Alumnado	
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.9
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
F-Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2.9
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.5
G-Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2
	Profesorado	2.2
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	2.8
	Profesorado	2.8
	Alumnado	4.7

● **Test CDD:**

1.3. Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	7	100%
PROVISIONAL	3	7	42,9%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	1	2	50%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
66,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	82	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM	72,7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	2	15,4%
Explorador/a (A2)	6	46,2%
Integrador/a (B1)	2	15,4%
Experto/a (B2)	2	15,4%
Líder (C1)	1	7,7%
Pioneiro/a (C2)	0	0 %
TOTAL	13	100,1 %

2.3. Distribución do profesorado por niveis.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUCTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> . Bo remanente no presuposto do centro para a mellora dixital do centro. C1 . Boas instalacións dixitais nas aulas. C2 	<ul style="list-style-type: none"> . Falta dunha aula de informática adaptada ás necesidades futuras. C1 . Insuficiente política de protección de datos dos equipamentos informáticos do centro. C7 . Falta, dentro do horario lectivo, de momentos para que o alumnado utilice os recursos tecnolóxicos do centro. C8
	PERSOALDOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> . Existencia dun calendario de reunións do profesorado ao longo do ano. D1 . Interese do profesorado por compartir os recursos dixitais máis axeitados no seu labor docente. E1 e E2 . Interese do profesorado pola mellora dixital. E1,E2 e E4 . Bo uso das tecnoloxías dixitais para a comunicación con toda a comunidade educativa. E4 . Posibilidade de utilizar os recursos dixitais nas actividades de conmemoracións, concursos e celebracións realizadas no centro. F2, F3, F4, F5 e F6. 	<ul style="list-style-type: none"> . Necesidade de reunións específicas do profesorado para traballar aspectos dixitais. B2 . Falta dunha estratexia global de avaliación dixital. G1, G2, G3, G5 e G7. . Renovación do profesorado do centro nos últimos anos. . Escaso uso do software libre por parte do profesorado.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<ul style="list-style-type: none"> . Necesidade da aprendizaxe, por parte do alumnado, das ameazas dos medios dixitais e do uso da internet. H1, H3, H4 H5. . Escaso uso de software libre por parte do alumnado.
	FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none"> . Necesidade da aprendizaxe, por parte das familias, das ameazas dos medios dixitais e do uso da internet. . Escaso uso de software libre por parte das familias. . Insuficiente formación en competencia dixital das familias.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DECENTRO		<ul style="list-style-type: none"> . Falta dunha estratexia dixital no centro. A1 e A2 . Uso limitado da aula virtual e medios telemáticos na ensinanza. A3

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> . Interese por parte da administración para a mellora dixital nos centros. . Aumento dos cursos dixitais dende os equipos de formación. . Emprego maioritario das ferramentas educativas corporativas. 	<ul style="list-style-type: none"> . Necesidade dun mellor acceso a internet. C3 . Falta dunha asistencia técnica axeitada aos problemas dixitais. C5 . Escaso tempo do profesorado para a formación dixital. . Exceso de burocracia por parte da administración para a transformación dixital.
	LEXISLACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> . Insuficiente política de protección de datos. C7
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> . Boas relacións coa ANPA para cooperación futuras. 	
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> . Boas relacións co Concello para cooperación futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> . Insuficiente cobertura na área de influencia do colexio.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> . Posibilidade da continuidade das actividades de cooperación intercentros (e-Twinning) e ERASMUS. B3 	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Para a elaboración do Plan de Acción tívose moi en conta a información recollida no noso DAFO.

Priorizouse dar resposta ás debilidades do noso centro. Intentouse polo tanto modificar os aspectos do centro que non nos permiten avanzar cara o desenvolvemento integral no eido dixital. Para iso aproveitamos as fortalezas e oportunidades das que dispón o centro e a súa contorna e intentouse ao mesmo tempo reducir as ameazas que poñen atrancos para alcanzar os nosos obxectivos.

Táboa 1: Plan de Acción Dixital de Centro.

<i>“Área/s de mellora”: A – Liderado (A1 e A2)</i>						
OBXECTIVO 1 :	<i>Realizar reunións periódicas no centro para o control e seguimento do Plan Dixital. (A1 e A2)</i>				<i>Acadado</i>	
RESPONSABLE :	<i>Persoa responsable da Dirección/Xefatura de Estudos/ Coordinación Tics.</i>				<i>Non acadado</i>	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (1)	<i>Nº de reunións levadas a cabo ao longo do curso para o control e seguimento do Plan Dixital. (CALENDARIO)</i>					
Valor de partida (3)	<i>0 reunións levadas a cabo no centro para o control e seguimento do Plan Dixital.</i>					
Valor previsto e data (4)	<i>5 reunións levadas a cabo no centro para o control e seguimento do Plan Dixital.</i>			<i>30-06-23</i>		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
<i>DESCRICIÓN (5)</i>	<i>RESPONSABLES (6)</i>	<i>DATA PREVISTA FIN (7)</i>	<i>RECURSOS NECESARIOS (8)</i>	<i>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</i>		
				<i>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</i>	<i>ESTADO (10)</i>	
<i>AO1.1: Creación dun calendario de reunións para tratar diversos aspectos do Plan Dixital ao longo do ano.</i>	<i>Titores/as e especialistas. Responsable de dirección. Coordinador/a Tics.</i>	<i>30-09-22</i>	<i>Ordenador. Calendario escolar.</i>		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	
<i>AO1.2: Realización de reunións ao longo do curso para o control e seguimento do Plan Dixital.</i>	<i>Titores/as e especialistas. Responsable de dirección. Coordinador/a Tics.</i>	<i>31-01-23</i>	<i>Ordenador con conexión a internet.</i>		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	
<i>AO1.3: Realización das últimas reunións para a avaliación do Plan Dixital.</i>	<i>Titores/as e especialistas. Responsable de dirección. Coordinador/a Tics</i>	<i>29-06-23</i>	<i>Ordenador con conexión a internet.</i>		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	

Táboa 2: Plan de Acción Dixital de Centro.

"Área/s de mellora": D- Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 2 :	Aumentar o nivel de competencia dixital do profesorado. (D1 e D2)				Acadado	
RESPONSABLE :	Persoa responsable da Dirección/Xefatura de Estudos/Coordinación Tics/CAFI				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que realiza cursos de formación dixital ao longo do ano. (FORMULARIO)					
Valor de partida (3)	0% de participación do profesorado en cursos de formación dixital realizados ao longo do ano.					
Valor previsto e data (4)	30% de participación do profesorado en cursos de formación dixital realizados ao longo do ano.			30-06-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Recompilación de información sobre os cursos de formación dixital necesarios para todo o profesorado.	Coordinador/a Tics . Titores/as e especialistas.	30-09-22	Ordenador con conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Matrícula do profesorado nos cursos de formación dixital.	Coordinador/a Tics . Titores/as e especialistas.	31-10-22	Solicitud e inscrición no curso de formación. Ordenador con conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realización dos cursos de formación dixital ao longo do ano.	Coordinador/a Tics . Titores/as e especialistas.	30-06-23	Ordenador con conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción Dixital de Centro.

<i>“Área/s de mellora”: E- Pedagogía: Apoios e recursos.</i>						
OBXECTIVO 3 :	<i>Promover o uso da Aula Virtual corporativa co alumnado. (E2 e E3)</i>				<i>Acadado</i>	
RESPONSABLE :	<i>Persoa responsable da Dirección/Xefatura de Estudos/Coordinación Tics</i>				<i>Non acadado</i>	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (3)	<i>Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV corporativa polo 30% do claustro. (AULA VIRTUAL)</i>					
<i>Valor de partida (3)</i>	<i>0 actividades realizadas co alumnado na AV corporativa por docente.</i>					
<i>Valor previsto e data (4)</i>	<i>15 actividades realizadas co alumnado na AV corporativa por docente.</i>			<i>30-06-23</i>		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
<i>DESCRICIÓN (5)</i>	<i>RESPONSABLES (6)</i>	<i>DATA PREVISTA FIN (7)</i>	<i>RECURSOS NECESARIOS (8)</i>	<i>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</i>		
				<i>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</i>	<i>ESTADO (10)</i>	
<i>AO3.1: Solicitud de cursos de formación sobre AV corporativa destinado ao profesorado que o necesite.</i>	Coordinador/a Tics . Titores/as e especialistas.	30-09-22	Solicitud e inscrición no curso de formación.		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	
<i>AO3.2: Creación dos cursos e matriculación do profesorado e alumnado na AV corporativa.</i>	Coordinador/a Tics ou persoas administradoras da aula virtual. Titores/as e especialistas.	31-10-22	Ordenador con conexión a internet.		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	
<i>AO3.3: Subida de actividades aos cursos correspondentes da AV corporativa.</i>	Titores/as e especialistas.	30-06-23	Ordenador con conexión a internet.		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	

Táboa 4: Plan de Acción Dixital de Centro.

<i>“Área/s de mellora”: F- Implementación na aula</i>							
OBXECTIVO 4 :	<i>Promover o uso de actividades dixitais no centro. (F2 e F6)</i>					<i>Acadado</i>	
RESPONSABLE :	<i>Persoa responsable da Dirección/Xefatura de Estudos./Coordinacións dos distintos equipos (Sección bilingüe, Equipo Tics, Equipo Biblioteca e Equipo de actividades extraescolares.)</i>					<i>Non acadado</i>	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (4)	<i>Nº de actividades levadas a cabo no centro vinculadas ao eido dixital. (PÁXINA WEB DO CENTRO)</i>						
<i>Valor de partida (3)</i>	<i>0 actividades realizadas no centro co alumnado no eido dixital.</i>						
<i>Valor previsto e data (4)</i>	<i>10 actividades realizadas no centro co alumnado no eido dixital.</i>				<i>30-06-23</i>		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
<i>DESCRICIÓN (5)</i>	<i>RESPONSABLES (6)</i>	<i>DATA PREVISTA FIN (7)</i>	<i>RECURSOS NECESARIOS (8)</i>	<i>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</i>			
				<i>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</i>	<i>ESTADO (10)</i>		
<i>AO4.1: Proposta e selección de actividades dixitais que se poidan utilizar nas conmemoracións, días especiais, proxectos (ERASMUS, e-Twinning), ... ao longo do ano.</i>	Coordinadores dos distintos equipos.	30-09-22	Ordenador. Calendario escolar.		<i>Realizada</i>		
					<i>Aprazada</i>		
					<i>Pendente</i>		
<i>AO4.2: Realización de actividades dixitais nas conmemoracións e días especiais ao longo do ano.</i>	Coordinadores dos distintos equipos.	30-06-23	Ordenador con conexión a internet.		<i>Realizada</i>		
					<i>Aprazada</i>		
					<i>Pendente</i>		
<i>AO4.3: Difusión á comunidade educativa das actividades realizadas.</i>	Responsable de dirección.	30-06-23	Ordenador con conexión a internet. Páxina web do centro.		<i>Realizada</i>		
					<i>Aprazada</i>		
					<i>Pendente</i>		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipamento

O centro conta con ordenadores e outros dispositivos cada vez máis obsoletos (a pesar da renovación, ao longo dos anos, de ordenadores de mesa, portátiles, tabletas,... a cargo do presuposto do centro).

- É necesario unha maior aportación económica destinada á mellora e actualización dos dispositivos dixitais ou unha maior dotación tecnolóxica para a actualización e reposición dos dispositivos danados ou obsoletos do noso centro. Se queremos unha educación dixital de calidade é necesario ter un equipamento actualizado e adaptado aos requisitos tecnolóxicos e educativos da sociedade actual.

Infraestrutura dixital

Infraestrutura de datos

O centro dispón dunha conexión a internet establecida pola Xunta coa que dá servizo a todos os dispositivos informáticos do centro. Esta rede necesita unha mellora na súa capacidade e velocidade. Ao longo do ano tivemos demasiadas incidencias provocadas polo seu mal funcionamento.

- Sería necesario conseguir unha conexión cableada co exterior (fibra) coa que se melloraría o traballo diario no centro en todos os seus ámbitos.

Conexións sen fíos

A maioría dos dispositivos dixitais están conectados á rede cunha conexión cableada, aínda que un bo número de portátiles, tabletas, ... do centro utilizan unha conexión sen fíos a través da cal poden conectarse a internet. A rede sen fíos provocou tamén moitas incidencias ao longo do ano polo que se necesitaría mellorar para o futuro.

- É preciso unha mellora no sistema para que non se repitan os incidentes do pasado. Isto suporía unha gran axuda ao traballo diario no centro en todos os seus ámbitos.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

A avaliación do Plan Dixital levarase a cabo en tres momentos puntuais.

1º- Ao final do mes de setembro comprobarase a posta en marcha das medidas do noso plan de acción para chegar aos obxectivos do plan. No cadro que aparece a continuación podemos ver os primeiros indicadores a ter en conta.

2º - Ao longo do curso, e en datas concretas tal e como se ve no cadro, faremos un seguimento da continuidade do plan de acción para acadar os obxectivos propostos.

3º . Ao final do curso (30-06-23) comprobaremos se se acadaron os obxectivos propostos tomando como referencia as indicacións dadas entre paréntese e en cor azul para cada plan de acción.

(A táboa que se presenta a continuación fai referencia ó apartado “Seguimento da acción” das 4 táboas do noso plan)

AVALIACIÓN DO LOGRO ACADADO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

OBXECTIVOS	A03			A02			A03		
1. Realizar reunións periódicas no centro para o control e seguimento do Plan Dixital. (A1 e A2)	AO1.1: Creación dun calendario de reunións para tratar diversos aspectos do Plan Dixital ao longo do ano.	R		AO1.2: Realización de reunións ao longo do curso para o control e seguimento do Plan Dixital.	R		AO1.3: Realización das últimas reunións para a avaliación do Plan Dixital. Nº de reunións realizadas. (5 REUNIÓN)	R	
		A			A			A	
	Nº de reunións propostas.	P			P			P	
2. Aumentar o nivel de competencia dixital do profesorado. (D1 e D2)	AO2.1: Recopilación de información sobre os cursos de formación dixital necesarios para todo o profesorado.	R		AO2.2: Matrícula do profesorado nos cursos de formación dixital.	R		AO2.3: Realización dos cursos de formación dixital ao longo do ano. Nº de cursos realizados por mestre/a. (30% DEL PROFESORADO REALIZA ACTIVIDADES DE FORMACIÓN)	R	
		A			A			A	
	Nº de profesores/as solicitantes.	P			P			P	
3. Promover o uso da Aula Virtual corporativa co alumnado. (E2 e E3)	AO3.1: Solicitud de cursos de formación sobre AV corporativa destinado ao profesorado que o necesite.	R		AO3.2: Creación dos cursos e matrícula do profesorado e alumnado na AV corporativa.	R		AO3.3: Subida de actividades aos cursos correspondentes da AV corporativa. Nº de actividades subidas. (15 ACTIVIDADES POR DOCENTE)	R	
		A			A			A	
	Nº de profesores/as solicitantes.	P			P			P	
4. Promover o uso de actividades dixitais no centro. (F2 e F6)	AO4.1: Proposta e selección de actividades dixitais que se poidan utilizar nas conmemoracións, días especiais, proxectos (ERASMUS, e-Twinning), ... ao longo do ano.	R		AO4.2: Realización de actividades dixitais nas conmemoracións e días especiais ao longo do ano.	R		AO4.3: Difusión das actividades utilizando diferentes medios dixitais: páxina web do centro, blogs, cursos da Aula Virtual. Nº de actividades subidas. (10 ACTIVIDADES REALIZADAS)	R	
		A			A			A	
	Nº de actividades propostas.	P			P			P	

(R: Realizado. A: Aprazado. P: Pendente.)

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Ao finalizar o curso 2022-23, na última reunión vinculada ao Plan Dixital, faremos todas as propostas de mellora necesarias para a mellora do Plan.

Poderemos formular outros obxectivos así como os seus respectivos plans de acción. Desta forma contribuiremos a enriquecer o noso Plan Dixital e converterémolo nunha ferramenta moi útil para podernos adaptar a unha sociedade dixital en continuo cambio.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital a toda a comunidade educativa realizarase a través da páxina web do centro:

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento/>)

Por un lado darase acceso ao documento do noso plan, por outro utilizaranse os recursos dixitais para unha mellor posta en marcha e difusión das actividades conmemorativas realizadas no centro e por último daranse tamén a coñecer todas as tarefas específicas vinculadas ao eido dixital dentro dos programas vinculados á biblioteca e aos proxectos ERASMUS e e-Twinning.